

COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2015

Acórdase por asentimento:

- a) Aprobar a acta da reunión ordinaria da Comisión Permanente do día 23 de outubro de 2015.
- b) En relación coas solicitudes de avaliación curricular:
1. Axustarse aos requisitos fixados na reunión da Comisión Permanente de 9 de marzo de 2007 e non admitir a trámite a solicitude de avaliación curricular para a materia Dereito financeiro e tributario II presentada por unha alumna, ao non cumprir os requisitos.
 2. Aprobar as comisións de avaliación curricular para o curso académico 2015-2016¹.
- c) Adoptar as seguintes resolucións en relación cos Traballos de Fin de Grao do curso 2015-16:
1. Habilitar, consonte ao art. 3.8.1º do Regulamento para a elaboración do Traballo fin de grao, á Profª. Drª. Lourdes Borrajo Diz e ao Prof. D. Pedro Cuesta Morales para tutelar os Traballos de Fin de Grao dos alumnos que o solicitaron, ao contar coa conformidade dos titores e cumprir dous dos tres requisitos do art. 3.7.
 2. Respetar, de acordo co art. 5.4 do Regulamento, a proposta temática e a adxudicación de titor/a do alumnado que o tivera asignado no curso 2014-15, ao ter validez máxima de dous cursos académicos e non formularse solicitudes de cambio de titor/a e/ou tema.
 3. Aprobar a listaxe provisional de asignación de titoras/es do Traballo de Fin de Grao para o curso académico 2016-2016².

Decanato Ourense, 20 de novembro de 2015
Facultade de Dereito
Universidade de Vigo
Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 19 de novembro de 2015 se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 23 de novembro de 2015.

A SECRETARIA
Concepción Martínez Martínez

¹ As comisións poden consultarse na Secretaría do Decanato.

² A listaxe pode consultarse na Secretaría do Decanato.